Lotus uliginosus (< L. pedunculatus) Cav., 1793

	loto das charcas
	lotera, cuernecillo grande, alfalfa chilota, raíz de la nube
	euskal bazka-belarra, bazka-belar
	lot d'aiugamoll, lot pedunculat, peu de llebre
	big trefoil, greater bird's foot-trefoil
	erva coelheira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Lotus***

ORIXE

Eurasia.

CARACTERÍSTICAS

Herba perenne, estolonífera, glabra ou escasamente vilosa. Talos de 23-120 cm, erectos ou ascendentes, ramificados e ocos. Follas con 5 folíolos, con nervaduras prominentes, glaucas no envés. Inflorescencias con 5-18 flores e unha bráctea trifololiada. Cáliz lixeiramente bilabiado, máis ou menos viloso ou subglabro, con algúns pelos na parte interna e na marxe dos dentes. Corola de 10-15 mm, aproximadamente 2 veces máis longa có cáliz, amarela, con veas avermelladas. Estilo máis ou menos cilíndrico, sen dentes. Froito de 10-40 x 1,5-2,5 mm, lixeiramente comprimido, recto, con 8-25 sementes uniseriadas. Sementes de 0,9-1,3 mm, subglobosas ou algo comprimidas, de cor marrón amarelada ou marrón verdosa. Florece de marzo a agosto.

HÁBITAT

Pasteiros e xunqueiras en lugares encharcados ou húmidos, ao longo das beiras dos cursos de auga, tanto en substratos básicos como ácidos. Dende o nivel do mar ata os 2500 m.

DISTRIBUCIÓN

Europa, suroeste de Asia (Turquía), norte de África e a Macaronesia (agás Cabo Verde). Moi común en toda a Península Ibérica, especialmente na metade norte e oeste.

CURIOSIDADES

Úsase como forraxe na alimentación dos ruminantes debido ao seu alto valor nutricional.